

XORNADA ESCOLAR



De 9:00 a 14:00 horas

O colexio abrirase cando chegue ao centro o primeiro bus escolar

IMPORTANTE PARA AS FAMILIAS

NAS ENTRADAS:

1. A puntualidade é un hábito que os nenos/as deben adquirir dende ben cedo.
2. O horario de entrada seguirase rigorosamente. No caso de chegar tarde, pasarase por secretaría.
3. Agás as familias do alumnado de Educación Infantil que acompañarán aos seus fillos e fillas (1 familiar por neno) ata a porta da aula (no edificio de Infantil) o resto dos pais quedarán na beirarrúa (o alumnado de Primaria entra solo no recinto escolar).
4. Os nenos/as deberán traer o material de cada xornada
5. O alumnado de Primaria entrará pola cancela da avenida Bouza Brey e o alumnado de Infantil farano pola rúa Delio Rodríguez (estrada Ponteareas – Salvaterra).

NAS SAÍDAS:

1. Polo COVID, neste curso as saídas efectuaranse a partires das 13:40 horas por quendas:
 - a. 13:40 horas:
 - i. Alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria pola cancela do ximnasio.
 - ii. Alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria pola cancela de Secretaría.
 - b. 13:50 horas:
 - i. Alumnado de comedor (porta traseira do edificio de Primaria).
 - ii. Alumnado de transporte escolar (porta dianteira do edificio de Primaria).
 - iii. Alumnado de Educación Infantil pola cancela da rúa Delio Rodríguez.
 - c. 13:55 horas: Alumnado de 5º e 6º de Primaria.

Asinar as autorizacións a aquelas persoas que recollan aos vosos fillos e/ou fillas, cando vos non podades facelo.